



CONCELLO DE OLEIROS



## Urbanización Cavamontes: Ninguén perdeu nada

A urbanización de Cavamontes, en Perillo, suscitou moita controversia no pobo. Algúns propietarios chegaron a dicir moitas mentiras, porque se creían perxudicados pola acción municipal. Hoxe, todo Perillo celebra dispoñer dun espacio urbano tan ben planificado, con xardíns, equipamentos sociais e amplas rúas para o disfrute cidadán.

Nunha reportaxe que publicamos en páxinas centrais pódese tamén comprobar como aquilo de que ían perder cartos era unha falacia: ganaron moito diñeiro todos os que tiñan leiras nas que non se podía edificar, ó cambiárllelas por fincas urbanas de alta calidade.

# Vivir en Oleiros



Nomes, en pleno esforzo polo trunfo.

# Os mellores remeiros e timoneis

Todo Oleiros, orgulloso dos Campións de España de Bateis Senior

Por segundo ano consecutivo, o Clube de Regatas de Perillo proclamouse Campión de España de Bateis senior. Recibiron todo o apoio dun Concello volcado coa práctica deportiva a tódolos niveis, e confirmaron unha vez máis que en Oleiros están os mellores remeiros. Os mellores timoneis, para que os barcos sempre cheguen a bon porto.

## Apróbanse as obras do cruce das Pedreiras

Por fin, e **despois de tres anos de promesas**, a Xunta de Galicia destinou os cartos necesarios para construí-la, Glorieta de As Pedreiras, na estrada que vai de Perillo a Oleiros, á altura da Urbanización Dos Regos.

Logo de innumerables xestións do Concello diante a Consellería de Obras Públicas (COTOP), propietaria da estrada, acométese esta obra tan necesaria para saír ou entrar en Dos Regos.



## Aleida, filla de Ché Guevara, estivo en Oleiros

Veu coñece-la avenida que leva o nome do seu pai e pronunciar unha conferencia chea de humanidade e optimismo sobre o futuro de Cuba, pesia os momentos difíciles polos que está a atravesala illa.

• Páxina 10

## Os PRESUPUESTOS MUNICIPAIS, A EXAME

• Páxina 5

## AS OBRAS MÁIS IMPORTANTES PARA OS PRÓXIMOS MESES

• Varias páxinas

## A OPINIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO

• Páxina 3



«Cincenta», embaixadora



Arenaza: Prazas libres na Residencia



Obras para un Ensino público de calidade

Como saber  
donde está todo  
en Oleiros

AXENDA  
Páxina 2



Servicios públicos

Table with 2 columns: Service name and phone number. Includes Concello de Oleiros, Policía Local, Guardia Civil, etc.

¿Cántos somos?




Table titled 'PARROQUIAS' showing population for each parish: Dexo, Dorneda, Iñás, Liáns, Maianca+Serantes, Nós, Perillo, Oleiros, and total.

axenda

RADIOLEIROS 105.5 FM

Programación semanal

Table of weekly radio programming: De luns a venres, en hora fixa; 11: Radio Eccla. Formación de Adultos; 12: As mañás musicais; 13,30: Informativo local; 14: Laranja é a cor...; 15: Motor; 16: Lilo, non máiques as horas; etc.

Teléfono de participación do ouvinte: 631078

TAXI: Tif. 65 11 11

Autobuses de liña

Autoscal Pita: Bus a Nós. De 6,30 a 21h, cada 15min., e de 21,30 a 22,30 cada 30min. / Sáb. de 7,30 a 22,30 cada 30min. / Dom. e fest. de 8,30 a 22,30 cada 30min.
Farmacias de guardia: O servicio de urgencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo.

A Terra

Table with tide information: A Lúa desde aquí (Nova, Medra, Chea, Míngua) and AS MAREAS (Pleamares, Baixamares) for various dates in May.

Farmacias de guardia

Turno 1 Están de Guardia as semanas do 21 marzo, 25 abril, 30 maio, 5 xullo, 15 agosto, 19 setembro, 24 outubro e 28 novembro.
Turno 2 Están de Guardia as semanas do 28 marzo, 2 maio, 6 xuño, 11 xullo, 22 agosto, 26 setembro, 31 outubro e 5 decembro.
Turno 3 Están de Guardia as semanas do 9 maio, 13 xuño, 18 xullo, 29 agosto, 3 outubro, 7 novembro e 12 decembro.

Rexistro Civil

NACERON: Christian, fillo de Adalgisa A. Archival; M. José, filla de Francisco Castro e M. José Lois; Laura, filla de Antonio Estévez e Julia Fernández; José, fillo de José A. Fandiño e M. Luisa Mosteiro; Cristina, filla de Fernando Gayoso e Dolores Mejuto; Marina, filla de Javier González e M. Isabel Rodríguez; Borja, fillo de Alejandro M. Gordido e M. Candelaria Gregorio; Natividad, filla de José L. López e Mercedes Ardións; Daniel, fillo de José L. López e Emma Blanco; Luis, fillo de Jacobo López e M. Pilar Malo; Jhonny, fillo de Joaquín Montesinos e Carmen Varela; Luis Miguel, fillo de Luis M. Núñez e M. Rosa Vivero; Julia, filla de Jesús Paredes e Aurore Creach; Brais, fillo de Fernando Pérez e Gloria Fernández; Jorge, fillo de Baldomero Queijo e M. Mercedes Fernández; Iván, fillo de Ramón Rodríguez e Anabela Lage; Carla, filla de Eusebio J. Rodríguez e M. Carmen Sánchez; Beltrán, fillo de Luis G. Rodríguez Mon e Ana M. Barrera; Iria, filla de Carlos A. Rouco e M. Elena Olalla; María, filla de Fernando J. Vázquez e M. Sonia Martínez; Iván, fillo de Juan C. Velloso e M. Montserrat Rodríguez; Pedro, fillo de Iván B. Zalvide e Celia M. Pombo

FINARON: Florencio Varela, de 65 anos; José Fernández, de 86; Manuel Pérez de 67; Eladio Barros de 87; María Temprano de 94; Mariela Fernández de 91; Angela Manteiga de 68; M. Dolores Castiñeiras de 89; Miguel Dans de 79; Hermínio Rodríguez de 86; Fermín Zelada de 84; Thomas M. García de 4 meses; Manuel E. Domínguez de 46 anos; José M. Loureda de 94; Isaura Fernández de 77; Manuel Ulloa de 85; David García de 62; Encarnación Agra de 76; Mercedes Pérez de 52; Adela Alonso de 92; Angela Baamonde de 81; Emilia Muíños de 93; José M. Fra de 51; María Díaz de 77; Mercedes Blanco de 68; José Fuentes de 81, e Carmen Fernández de 82.

XUNTÁRONSE: José L. Darriba con Elvira Gestal; Jesús Rodríguez con Inés Gutiérrez; Julio Casas con Raquel Varela; Pedro Pico con M. Encarnación Sabio, e Manuel A. García con M. Fernanda Flores.

Convocatorias

HORA DO CONTO. Lecturas dramatizadas de contos. Actos divertidos para os máis pequenos, organizados polo Sistema de Bibliotecas. Nas seguintes datas e Bibliotecas: Perillo 30 Abril, 14, 21 e 28 Maio, e 4 Xuño 18,30h. Sta. Cruz 28 Abril, 12 e 26 Maio e 6 Xuño 18,30h. Mera 6, 15 e 22 Maio e 5 Xuño 18,30h. Oleiros 29 Abril, 13 e 27 Maio e 2 Xuño 18,30h. Dorneda 5 e 20 Maio e 2 Xuño 18,30h. Iñás 7 e 19 Maio 18,30h.
CONTADORES DE CONTOS. Os adultos tamén teñen o seu lugar na programación do Sistema de Bibliotecas. Será o 21 de maio no Centro Cultural «As Torres», ás 19,30h. Participarán Quico Cadaval e Junior Sampaio.
PREMIOS DO CONCURSO DE NARRACIÓNS. Tamén organizado polo Sistema de Bibliotecas, entregaránse os premios deste concurso no que participan nenos de tódalas escolas de Oleiros. O Sábado, 24 de maio, no Centro Cultural «As Torres», de Santa Cruz.

Museo dos Oleiros José María Kaydeda

Interesante colección de cerámica popular española, ubicada no Centro Cultural «As Torres» de Santa Cruz. Tif. 626692. Horario

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais

Perillo. (Bibl. Central). Casa da Cultura, pisos 2º e 3º. Tif. 638409 / Horarios: Mañás de luns a sábados de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h. / Veráns de luns a venres de 10 a 15h.
Santa Cruz. (Biblioteca e Centro de Documentación da Muller «Rosalia de Castro») C. Cultural As Torres. Rúa Pardo Bazán. Tif. 626338 / Horarios: Mañás de martes a venres de 10 a 13,30h. / 1º e 2º sábados de mes: de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h. / Veráns (15 de xuño a 15 de setembro) de luns a venres de 8 a 15h.
Oleiros. R. Camilo Díaz Valiño, s/n. / Tif. 61 0700 / Horarios: Mañás martes e xoves de 10 a 12,30h. / 2º e 4º sábados de mes de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 16 a 20h. / Veráns de luns a venres de 10 a 14h.
Mera. (Bibl. «Mª José Trincado») A Lagoa. Urb. Pía de Maianca. R. Curros Enríquez, 44. / Tif. 61 7662 / Horarios: De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)
Iñás. Casa do Pobo. / Tif. 63 1240 / Horarios: De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)
Dorneda. Casa do Pobo. Arillo. / Horarios: De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)
Nós. Casa do Pobo / Horarios: De luns a venres de 16 a 20h. (Veráns incluído)

Servicios Domésticos: Veterinarios: Santa Cruz 626310, Gayacán 660335 / Vilanova, Salud Animal 631651 / Dos Regos; Mag. de construción: J. Barreiro 635474 / Oleiros; Reparación coches e bicis: J. Galán 610710 / Oleiros

Fontanerías: A. Taibo 614529 / Sta. Cruz, A. Guillín 631567 / Oleiros, J. Arca 617591 / Maianca, J. A. Barros 626689 / Dorneda, J. Costa 635735 / Sta. Cristina, A. Domínguez 661108 / Nós, S. Fernández 638214 / Perillo, Fonelec 662744-908587710 / Nós, C. Suarez 638400 / Perillo, J. García 610339 / Oleiros, S. García 611039 / O Carballo; Instalacións eléctricas: F. J. Grueiro 636092 / Sta. Cruz, M. C. López 637010 / Sta. Cruz, A. Martínez 611317 / Oleiros, R. Mesias 667205 / Nós, J. Novo 908084450 / Oleiros, J. Pardo 631127 / Dorneda, R. Pol 635325 / Perillo

Albanería: J. M. Alvarez 617788 / Serantes, A. Arevalo 617243 / Dexo, J. Bao 635617 / Perillo, A. Barreiro 617887 / Maianca, F. Beltran 628373 / Lorde, J. M. Bias 635811 / Perillo, J. Cagiao 626038 / Sta. Cruz, J. Cal 662449 / Oleiros, M. C. Carballo 631578 / Nos; Gomaño 666387 / Oleiros, O. Bravo 908586979 / Sta. Cruz, J. M. Fernández 614990 / Arillo, F. Fernández 636078 / Perillo, E. Fernández 636572 / Perillo, J. Fernández 614919 / Dorneda, J. Fernández 617720 / Dorneda, L. Gacio 636587 / Perillo, M. Novo 610830 / O Carballo, A. Otero 631344 / Oleiros, J. Pampín 635920 / Perillo, J. L. Prego 626147 / Dorneda

Lastres 908586296 / Dorneda, A. López 617411 / Mera, J. D. López 626082 / Santa Cruz, F. Mañana 615298 / Arillo, J. L. Martínez 636034 / Perillo, A. Mato 667682 / Nós, J. Mirón 618119 / Mera, V. Naya 617096 / Mera, M. Novo 610830 / O Carballo, A. Otero 631344 / Oleiros, J. Pampín 635920 / Perillo, J. L. Prego 626147 / Dorneda

J. A. Prieto 610181 / Oleiros, F. Recarey 617503 / Oleiros, J. M. Rodríguez 610746 / O Carballo, J. R. Sánchez 664599 / Nós, F. Sánchez 610779 / Iñás, L. Siso 617461 / Mera, M. Siso 617467 / Mera, R. Suarez 615239 / Dorneda, A. Sueiro 614849 / Dorneda, A. Uzal 908581521 / Rialta, M. Vallo 610812 / Oleiros, F. Vazquez 614927 / Santa Cruz, M. Vidal 631015 / O Valiño, M. Vieito 610060 / Oleiros; ATS-Fisoterapeutas: M. Miranda 638633 / Perillo, J. L. Sanchez 638234 / Perillo; Notarios: R. Benzo 611506 / Oleiros

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuníquenos para poder subsanaló.

## opinión

Nesta páxina publicanse artigos asinados por representantes dos Grupos Municipais do Concello. O editor declina toda responsabilidade acerca do seu contido.

### Contamos co voso apoio

Ángel García Seoane / Presidente da Alternativa dos Veciños

#### Foron moitos os sucesos e vicisitudes, e tamén moitas as loitas que tivemos que librar para impedir a defenestración política da Alternativa dos Veciños.

Algúns pensaron que trala persecución, acoso e derribo da miña persoa tiñan xa o camiño libre para facerse co poder e o goberno do Concello. A algúns adversarios, a cegueira de ambición e odio non lles deixou ver que a Alternativa dos Veciños era moito mais que unha persoa. Éramos e somos a maioría do pobo, e non íamos tolerar que a forza maioritaria dun

pobo fora asoballada e vilipendiada. Na actualidade, despois de múltiples batallas e temporais, curadas as feridas (aínda que non cicatrizadas) gobernamos con rumbo claro e definido. Hoxe, despois de tódolos sucesos, viva e con dignidade a Alternativa dos Veciños, podemos volver a recordar aquela cita do rei Salomón: «Leda é a expectación dos xustos. A esperanza dos malvados perecerá». E así foi e será sempre mentras contemos co voso apoio, comprensión e cariño para seguir construíndo un municipio, onde por riba de todo, pre-

valezan os valores humanos e sociais sobre as miserias e ambicións persoais. Un municipio ordeado, con servizos, no que a convivencia entre as persoas prevalezca por enriba de odios e rencillas. Un municipio verde e solidario, onde a defensa da natureza sexa a nosa bandeira e a solidariedade cos pobres e necesitados, o noso estandarte. Un municipio distinto, singular, sin fronteiras. Un municipio para vivir chamado Oleiros. «Nós, sempre con vós».

### ¡Todos al pesebre!

Osvaldo García Díaz / Concejel del Partido Popular

#### En el último Pleno Extraordinario celebrado el día 10 de Abril, el Gobierno Municipal de la Alternativa de los Vecinos de Oleiros aliado con el PSOE han dado una vuelta más en la tuerca con la que se pretende aprisionar a la oposición democrática.

En efecto, uno de los puntos del Orden del Día de ese polémico Pleno consistió en la aprobación de las bases para la contratación de personal laboral temporal en las que se incluye el Tribunal Calificador hecho a la medida de los desafueros y corruptelas a los que el Gobierno municipal nos tiene acostumbrados, pero no sometidos. Dicho Tribunal estará formado por la Alcaldesa o en quien ella delegue, dos funcionarios designados a dedo por la Alcaldesa, un Concejel designado por el mismo sistema digital y por fin un representante de los trabajadores legalmente obligatorio, que si no fuera así, ni eso concederían. La propuesta del Partido Popular defendida por el Concejel Don Osvaldo García de que tal Tribunal fuera de la misma composición que el establecido legalmente para la selección de funcionarios, o sea, que el Tribunal lo formaran funcionarios elegidos por el Jefe de Servicio del que fueran a formar parte los trabajadores. Esta proposición fue rechazada de plano y sin argumentos por el

equipo de gobierno, pues ello significaría que perderían el control político de tal "Tribunal", quedándose sin un instrumento que servirá de oficina de colocación de correligionarios, amiguetes, familiares, pelotilleros del ex-alcalde y demás fauna de los de "cóntalle o conto". Tal es su deformación que hasta han encargado a la "Pardela Amiga" que se traiga a mamíferos y otras aves a participar en la pitanza. Al Partido Popular de Oleiros no le cabe duda de que esa fechoría fue el motivo principal de celebrar el Pleno a la una de la tarde, como lo pone de manifiesto que ese fue el único punto del Orden del Día que no fue radiado, ni en directo, ni en diferido. Tal fue el bochorno que les dio, que hasta darían pena si no fuera porque dan vergüenza. Cuando Maquiavelo dijo aquello de que "el fin justifica los medios", no podía ni imaginarse el tropel de virtuosos que ha florecido por estos pagos. Con tal de perpetuarse en la poltrona son capaces de aguantar a pie firme sin descomponerse ni pestañear, aunque las mentiras sean tan clamorosas y evidentes como las que el Portavoz del Partido popular, Sr. Fernández Rosende, puso sobre la mesa en el último Pleno Ordinario del 5 de Mayo. Veamos dos muestras: Estábamos hartos de

oir al ex-alcalde primero y a sus "cabezas de turco" después que la rotonda de las Pedreiras no se llevaba a cabo porque el Delegado de Política Territorial Sr. Almuíña no le daba la gana ya que el Ayuntamiento había puesto a su disposición los terrenos necesarios par la obra. Pues bien, cuando oficialmente se conoce que el Delegado tenía los fondos disponibles para su acometida, ahora salen con que no hay tales terrenos porque el Municipio no tiene porque aportarlos y al mismo tiempo, salen corriendo a convencer a los propietarios para que los cedan, rápido y a toda prisas. Otra: Días pasados se organiza una manifestación en Santiago de Compostela por iniciativa del Bloque y al Gobierno Municipal no se le ocurre otra cosa que apoyarla y fletar autobuses a expensas del contribuyente. El Portavoz del Partido Popular denuncia en el Pleno esta práctica apoyando en lo manifestado en Radio Oleiros, por Dña. Ana Pallares, algún A.P.A. de colegios públicos y hasta presentó uno de los panfletos de la convocatoria donde así se especificaba.

Pues como si nada, inaccesibles al desaliento, llegaron a contestar que todo eran datos equivocados, pediremos explicaciones próximamente.

## Unha fábrica de benestar

Esther Pita Pita  
Alcaldesa de Oleiros

Pensábamnos en tí cando nos puxemos a elaborar este pequeno periódico que tere-des na casa cada dous meses. Desexamos que nel teña reflexo toda a información municipal, como resume do esforzo que estamos a facer para que en Oleiros poidamos vivir todos cada vez mellor.

Esa é a nosa máxima: **vivir mellor**. Arrodeados desas cousas ás que quizáis non damos moito valor, precisamente porque as temos conseguido... a saúde, a educación, as estradas, camiños, alumados, limpeza... a cultura, o deporte... e os comportamentos éticos e solidarios cos que menos teñen, en calquer parte do mundo que se atopen.

Pero todas esas cousas hai que melloralas cada día, perfeccionalas para que nós e os nosos fillos disfrutemos dun mellor nivel de vida.

O Concello de Oleiros é como **unha fábrica de benestar** que se move sempre pensando en tí.

Tí, que eres veciño de sempre, ou tí, que hai pouco tempo que resides en Oleiros.

*Se eres un recién chegado, mira ó teu redor e intenta valorar o que aquí tes: uns avanzados servizos públicos, un urbanismo de altísima calidade, unha paisaxe cuidada, unha atención social entregada e completa, unha actividade cultural que é a envexa de calquer concello semellante, con máis bibliotecas e centros cívicos e culturais que en calquer outro lugar.*

**¿Non crees que merece a pena vivir nun lugar tan agradable?** Animádevos e disfrutade de todo o que facemos para que Oleiros sexa eso: un Concello para vivir.

**Para vivir ben.**

### Oleiros, en positivo

Francisco Cerviño / Luis Vázquez / Concelleiros do PSDeG-PSOE

#### Xa no principio da actual lexislatura, estando na oposición, os socialistas buscamos acordos de progreso que fixeran gobernable o Concello, e aínda sen coincidir totalmente nalgún caso, apoiámos proxectos tan importantes como o Plan Xeral de Urbanismo, a Travesía e o Parque de Bastiagueiro, o apoio á vivenda de protección, a obtención da finca da Carballeira de Nós, a Rede de Centros...

IÁ responsabilidade como oposición queremos engadir, agora dende o Goberno Municipal, o traballo duns políticos serios, comprometidos honradamente en levar adiante os proxectos e servizos que necesitan e benefician ós cidadáns de Oleiros.

Para os socialistas, a vivenda de precio asequible, as carreteras, o saneamento, as comunicacións e o transporte público son prioridades que non nos fan esquecer que o estado de benestar esixe tamén un ensino e unha sanidade de calidade para todos, pensións dignas e protección social, nun ambiente de tolerancia e de respecto. Creemos que a esquerda debe ser firme no terreo dos principios, pero amable coas persoas. Porque confunden *Demócratas* con «*democalatrás*», a dereita de Oleiros equivócase. Equivócase cando boicotea os proxectos porque calcula que si Oleiros fose moi mal, entón viría a súa oportunidade. Confúndense e por iso optan por soltar os dóberman, cali-

fican de folclore a manifestación en defensa do ensino público apoiada polo PSOE, UGT, CCOO e outras forzas progresistas ou nacionalistas. Tamén os dóberman sementan a dúbida indiscriminada sobre os aumentos salariais duns concelleiros que nos autoconxelamos os soldos, ou ben cobran cero pesetas, como Francisco Cerviño. En resumen, porque os socialistas queremos un Oleiros progresista, solidario, ecolóxico e tolerante, fixemos un esforzo por superar enfrontamentos entre os progresistas, porque Oleiros precisa que non sexamos a esquerda que desexaría a dereita; e aquí estaremos mentres sexamos respetados para traballar polo benestar de Oleiros.





## «Cincenta», embaixadora de Oleiros

«Que invite a vir a Oleiros a tódalas aves que queiran». Ese é o maior desexo do Goberno Municipal, que aprobou unha Moción para declarar á simpática pardela «Embaixadora Honorífica do Concello de Oleiros».


Hai cáseque 20 anos que Cincenta se achega a Santa Cruz a pasa-lo verán. O seu comportamento é espectacular: antes, acougaba na recepción do Hotel Porto Cobo, e agora pasa as noites no Paseo Marítimo de Santa Cruz, chamado tamén, desde hai uns anos, Paseo da Pardela.

Anisia Miranda, a dona de Xosé Neira Vilas, ten un libro de relatos publicado baixo o título «Pardela Amiga», e a Escola Infantil dos Regos, a escasos 2 kilómetros de Santa Cruz, leva tamén o seu nome.

A todo esto, hai que unir a influencia case máxica que envolve a vida veranega e noiturna de Santa Cruz, con tantos e tantos nenos que se achegan a ver se a ven.

Ela chega, dá unhas voltas por alí, sobrevoando as calugas dos presentes, como xogando con eles, e axiña se pouxa. É entón cando os rapaces aproveitan para mirala de perto, e acariñala, a veces de forma excesiva. Convén non agobiala, non vaia ser que se enfade.

Este ano, dous Obxectores de Conciencia da Casa da Xuventude, estarán perto de Cincenta para protexela dos «amores» excesivos, e informarán ós visitantes sobre a vida das aves mariñas. Tamén se instalarán uns paneis informativos.



De momento debemos tirar papel e vidro nos contedores  
Temos que ir reducindo as cantidades de lixo que producimos

## ¿Que facemos co lixo?

### As 3 Erres

Erre que erre, seguiremos empeñados en solucionar os problemas do lixo en base á RRR: Redución, Reutilización e Reciclaxe. Só así poderemos avanzar cara ó progreso nun tema que, de seguir así, pode saírnos moi caro. Temos que comezar todos, vostede tamén, a cambiar de filosofía: mercar só o que necesitamos. Usa-los productos que teñan menos envoltorios innecesarios, utilizar sempre as botellas de vidro, que son de maior calidade que as de plástico e ademais non contaminan tanto. E sobre todo, non misture o papel nen o vidro co resto da basura. Faga a proba. Verá como non é tan latoso. Xa o están facendo moitos habitantes do Planeta.

Un dos grandes problemas da sociedade de hoxe é qué facer coa basura que producimos. Os vertederos de lixo que existen (entre eles do de Bens, donde van as nosas basuras) non cumpren unhas condicións adecuadas, e temos que buscar outras solucións.

A Xunta propuxo un plan que se coñece como «Sogama», pois ese é o nome da empresa encargada de xestionar os residuos de Galicia en Cerceda, e queimalos.

Pero o Plan Sogama é polémico: produce fumes indeseables, xenera residuos tóxicos e desprezia materias primas (a materia orgánica serviría para fabricar abonos). Ademais, Cerceda está só a 20 km. de Oleiros e moi perto de Cecebre, a nosa gran fonte de auga.

O Concello de Oleiros, co resto da mancomunidade (agás o da Coruña, que aínda non dixo nada), tomou a decisión provisional de entregaren a Sogama a parte do lixo que non sexamos capaces de reciclar.

• ¿De qué depende que poidamos reciclar cada vez máis cousas? Sobre todo, de que todos nos molestemos un pouquiño en beneficio da natureza.

• ¿En qué consiste esa «molestia»? Pois de momento, en ter na casa varios recipientes do lixo (polo menos un para papel, outro para vidro e outro xenérico), e tirar cada cousa no seu sitio. Tamén poderíamos utilizar menos cousas de usar e tirar, mercar todo con menos envoltorios e reutilizalas botellas de vidro.

....

### Prántanse máis árbores

O Parque Nicolás Redondo, da Urbanización Rialta, así como outros lugares de espercemento, como os Parques Nelson Mandela, de Perillo ou Luis Seoane, de Santa Cruz, teñen máis árbores desde o mes pasado, cando, ademais das podas habituais, foron prantados centos de especies para que daqui a uns anos, eses lugares sexan uns ámbitos frondosos e agradables.

....

### Parque Forestal en Bastiagueiro

Estance a facer numerosas xestións desde as áreas de Medio Ambiente e de Urbanismo do Concello de Oleiros, para lograr a creación dun gran Parque Forestal en Bastiagueiro, da Avda. de Che Guevara cara ó interior do Concello. Anque o proxecto aínda non está ultimado, quere-se que conteña unha especie de «antoloxía» dos bosques atlánticos alí reproducidos. Con elo, ademais de conseguir un lugar apropiado para pasear, dispoñemos dunha zona natural para ampliar a nosa cultura e fomentar a educación ambiental dos máis pequenos.

## Poñendo as praias «a punto» para o verán



Estance a realiza-los preparativos para a rexeneración das praias, coordinados polo departamento de Servizos Públicos do Concello de Oleiros.

Antes de nada, osixenan a area, e límpanse tódolos areas con palas e camiós apropiados. Tamén proceden a unha nivelación da area, para que poidamos disfrutala mellor.

Logo colocan tódolos carteis indicativos, para que fagamos un bon uso dos areas, e tamén duas pontes de madeira que serven para cruzar un regato que atravesa Bastiagueiro. Tamén espallan uns 70 contedores de lixo por tódalas praias, que serán limpados polos operarios municipais cada día do verán, pois esta campaña dura desde o 15 de xuño ó 15 de setembro.

Nalgunhas praias, os aseos e duchas retíranse durante o inverno, para evita-lo seu deterioro, pero agora vólven ó seu lugar. Tamén se acondicionan as instalacións de salvamento e socorrismo, para garantir unha boa protección pública.

A mediados de xuño, pois, comezará a limpeza diaria das praias, con duas máquinas apropiadas para elo, axudadas por 6 operarios que procederán a unha limpeza manual.

### Recollida de Lixo

Horario para deposita-lo lixo nos contedores:

**De 9 da tarde a 12 da noite**

Non depositen lixo os sábados ou véspera de festivos

Por favor, respeten estes horarios, por razóns hixiénicas. Todos queremos un Concello limpo

Recollida de **Chatarra**. Tlf. 63 1184

#### Para tirar papel:

**Perillo:** Colexio Valle Inclán / Casa da Xuventude, rúa Darwin / Instituto Xosé Neira Vilas. **Santa Cruz:** Colexio Isidro Parga Pondal / Rúa Ricardo Cubeiro / Instituto de Bastiagueiro. **Mera:** Colexio Luis Seoane. **Oleiros:** Colexio A Rabadeira / Urbanización Dos Regos, Centro Formación.

#### Para tirar vidro:

**Perillo:** Praza da Canteira / Praza Darwin (Casa da Xuventude) / Avda. Sta. Cristina (Parque José Martí e esquina rúa Xuncal) / Avda. das Mariñas (NVI) (Urbanización Agramar e Urbanización Beiramar) / Avda. Rosalía Castro (Ferretería Oswaldito). **Nós:** O Seixal. **Santa Cruz:** Viñas de Babilonia (esquina Suárez Picallo) / Esquina Hotel Maxi / Rúa Ricardo Cubeiro. **Mera:** Edificio Casablanca / Edificio A Perla. **Dorneda:** Cruce de Arillo. **Oleiros:** Praza da Rabadeira / Urbanización Dos Regos.

Por favor, non deixe caixas, papel ou botellas fóra do contedor. Agarde a outro día, ou avise ó servizo de recollida.

#### Animais domésticos

Se vostede ten cans, non os leve ceibos, xa que poden molestar a alguén. Procure que non defequen nas rúas.

un concello **VIVO**

DE NORTE A SUR



## ASOCIACIÓN DE VECIÑOS «OS RUEIROS», DE NÓS

Foi fundada en agosto do 77, anque as inqedanzas veciñais na parroquia datan de 1931, cando se funda a Unión Campesina Republicana. Hoxe, a inqedanza fundamental está no fomento da cultura e o folclore, como demostra «Os Rueiros», o grupo de baile que integran 75 membros, a súa profesora Silvia, o profesor de gaita Juan Carlos e a constante colaboración de Lolita e Mariluz. Realizan tamén clases de Ximnasia, cociña, inglés, corte e confección, debuxo, excursións, etc. Tamén teñen unha especial atención á Terceira Idade.

## ALUMADOS E CAMIÑOS A FACER EN BREVE

Os Servicios Municipais realizan constantemente pequenas obras necesarias para manter en bo estado camiños, estradas municipais, e entornos urbanos ou naturais. Esta é unha relación das obras a realizar nos próximos meses.



Cáseque a cuarta parte do presuposto municipal adicarse a obras necesarias para vivir mellor

## Oleiros medra este ano un 8% para mellora-la calidade de vida

O Pleno municipal do pasado 10 de abril aprobou definitivamente o presuposto do Concello para este ano. Os votos favorables da Alternativa dos Veciños e o PSOE posibilitaron incrementar nun 8% os presupostos do ano anterior, proseguendo o para cumprir esa máxima de calidade para Oleiros: «Un Concello para vivir». O PP votou en contra do Presuposto, o Plan de Equilibrio Financieiro e a Refinanciación da débeda.

Os pouco máis de 2.000 millóns de pesetas do 96 convertéronse en 2.200 para este ano, dos que 328 millóns corresponden á Fundación Municipal de Cultura, o organismo que abrangue a actividade cultural, educativa e deportiva do Concello. A Fundación incrementa os seus presupostos a respecto do pasado ano, nun 18,8%.

### ¿QUE PARTE DESA CANTIDADE SE DESTINA A OBRAS?

Cáseque 535 millóns de pesetas (500 o Concello e 35 a Fundación Municipal de Cultura). Unhas cantidades que teñen nomes propios, como a continuación da construción do Náutico de Perillo, unha instalación socio-cultural e deportiva municipal que será modélica na súa especie. Á construción da súa piscina e unha nave para os deportes náuticos dedicáranse uns 70 millóns de pesetas. Tamén se investirán cantidades importantes na construción

### Investimentos Sociais, Culturais e Deportivos

|                              |                      |
|------------------------------|----------------------|
| OBRAS DE PROTECCIÓN SOCIAL   | 4 MILLÓNS            |
| PROMOCIÓN DO EMPREGO         | 7 MILLÓNS            |
| MELLORA DE COLEXIOS PÚBLICOS | 10,7 MILLÓNS         |
| INSTALACIÓNS CULTURAI        | 88 MILLÓNS           |
| INSTALACIÓNS DEPORTIVAS      | 82 MILLÓNS           |
| <b>TOTAL INVESTIMENTOS</b>   | <b>191,7 MILLÓNS</b> |

### Outros Investimentos

|                                 |              |
|---------------------------------|--------------|
| REFORMAS, MAQUINARIA, ETC.      | 66 MILLÓNS   |
| ADQUISICIÓN DE TERREOS          | 70 MILLÓNS   |
| PROXECTOS DE URBANIZACIÓN       | 20 MILLÓNS   |
| ACERAS, ALUMADOS, OBRAS MENORES | 38,1 MILLÓNS |
| OBRAS DE AUGA E SANEAMENTO      | 47 MILLÓNS   |
| MAQUINARIA LIMPEZA E SERVIZOS   | 20,5 MILLÓNS |
| CEMITERIOS, FONTES E OUTROS     | 9 MILLÓNS    |
| REPARACIÓN DE CAMIÑOS           | 30 MILLÓNS   |
| VIVEIRO DE PRANTAS MUNICIPAL    | 4 MILLÓNS    |

do seu edificio central. A Casa do Pobo de Montrove, a reforma do Salón de Actos do Colexio da Rabadeira, o campo de fútbol de Montrove, unha pista de Patinaxe en Canide e varias melloras no Colexio da Rabadeira son outras obras salientables.

Tamén se dirixen investimentos importantes á adquisición de terreos en diversas zonas do Concello, entre os que cabe destacar os que se mercarán á ampliación dos Cemiterios de Dexo e Dorneda. Igualmente salientables son os 30 millóns de

pesetas dedicados a reparar camiños públicos; a adquisición dun camión especial para a recollida selectiva de lixo, ou proxectos de urbanización para O Valiño e Canide.

Outras obras recollidas nos presupostos son diversos alcantarillados que restan por facer. Para algún deles, como O Paraíso, Pazo do Río ou O Codesal, en Montrove; Os Vilares, en Iñás ou na Gándara (Mera), estánse a crear comisións de veciños para xestiona-la realización desas importantes infraestruturas.

### Un Concello planificado e coas contas saneadas

Co fin de organizar mellor as contas municipais, o Concello elaborou un Plan de Equilibrio Financieiro para os anos 1997-2001, aprobado pola Corporación o pasado mes de febreiro, cos votos en contra do PP. Ello fixo posible renegociar a débeda municipal, cos seguintes resultados:

- 1. Rebaixouse a carga financeira dun 10,2% a un 7,6% (está permitido ata un 25%, polo que a situación era xa moi boa).
- 2. Rebaixouse a amortización anual en 31,5 millóns.
- 3. Rebaixa-los intereses anuais en 31 millóns de pesetas, cun aforro do 43%.



### Somos 24.000 veciños, pero págannos como se fóssemos 18.000

A alta calidade dos servizos e o elevado nivel de vida que o Concello quere para Oleiros, choca ás veces con absurdos como este: o Goberno Central, a Xunta e a Deputación non acaban de recoñecer-lo crecemento do número de habitantes que leva experimentado Oleiros nos últimos anos, e á hora de asignar recursos, votan as contas como si aínda vivíramos aquí 18.000 persoas, en vez de cáseque 24.000, que son os censados no Concello, sen contar o elevadísimo número de persoas que de feito residen en Oleiros anque non estén censados aquí.

Con estas contas, Oleiros recibe menos diñeiro do que nos corresponde dos impostos que todos nós pagamos. Hai anos que vimos reclamando esta inxusticia. Nos últimos 6 anos vimos sufrindo unha merma na participación nos Ingresos do Estado, de uns 220 millóns de pesetas.



Casa do Pobo de Lorbé, que será ampliada

## Máis obras, para a comodidade e o benestar de todos

### AMPLIACIÓN DA CASA DO POBO DE LORBÉ

Fanse estas obras para conseguir espazo para a instalación dunha Biblioteca e aumenta-la Cafetería. Costarán uns 3 millóns de pesetas e consisten na cubrición dun espazo agora aberto, cun lucernario e unha galería.

### SALÓN DE ACTOS NA RABADEIRA

O Colexio Público de A Rabadeira, de Oleiros, estrenará o vindeiro curso escolar o novo Salón de Actos, situado nun antigo patio cuberto, e sufragado íntegramente polo Concello de Oleiros. É un salón polivalente para Conferencias, Teatro, reunións de alumnos, etc. O importe é de algo máis de 10 millóns de pesetas.

### ÁREA DE OCIO EN RIALTA

O Parque Nicolás Redondo ten novo mobiliario. Mesas, bancos, xogos infantís e barbaços para un espazo singular no centro da Urbanización. Para todo elo investíronse 5,5 millóns de pesetas. Tamén se plantarán máis árbores.

### TRAÍDAS DE AUGAS

En varios lugares: Na rúa Salvador Allende, de Vilanova-Nós; nunha zona de O Vilar, para resolver problemas de abastecemento que tiñan. Tamén se reforzou o abastecemento na Agueira-Dorneda; e en A Veiga-Nós, a ampliación da rede costará uns 5 millóns de pesetas.

### PISTA DE XOGOS EN SANTA CRUZ

Situada no Parque Luis Seoane, perto da parcela que o Concello entrega á Xunta de Galicia para que constrúa o novo Centro de Saúde. Construiráse unha pista polideportiva descuberta, para a práctica de diversos deportes. O custo é duns 9 millóns de pesetas.

### PAVIMENTACIÓNS EN NÓS

As rúas A Calexa e Fermín Bouza Brei serán pavimentadas cun investimento de 4,2 millóns de pesetas.



Estase a construí-la Área de Ocio de Rialta

## tema central

# Urbanización de Cavamontes Onde todos ganaron



A de Cavamontes é unha das urbanizacións máis importantes das que se teñen realizado no Concello, situada nun conxunto de terreos no mesmo centro de Perillo. A urbanización foi polémica. Dixéronse moitas mentiras interesadas, como que o Concello roubaba o solo. Pero a realidade é evidente: os propietarios

ganaron diñeiro (as nosos casos), o conxunto verde, e os veciños a calidade. En definitiva, beneficiando tamén ós propietarios.

### 1º: ERA NECESARIO URBANIZAR


Según o Plan Xeral do Concello, esta urbanización tería que estar realizada entre o 84 e o 88, pero os veciños non se poñían de acordo. Dado que se trataba dun área de enorme interés para o conxunto de Perillo, o Concello fixo varios intentos para animar ós veciños a realiza-la urbanización eles mesmos. Como eso non foi posible, dez anos máis tarde, no 94, a corporación decidiu abordar directamente o proceso de urbanización, necesario para realizar xardíns, parques infantís, o Centro de Saúde e outros equipamentos. A maioría incluso deciden constituir unha Xunta de Veciños para aborda-lo proceso, pero algúns deles boicotean esa iniciativa, porque desexa especular coas

terras. Ademais, era necesario que todos, e non só uns poucos, puideran construír.

### 2º: ¿QUÉ TERREOS HABÍA ALÍ?


Moitas das fincas de Cavamontes eran leiras sen acceso que se chegaba só a través de servidumes de paso que daban a corredoiras. Nelas, non se podía construír, porque non se cumprían as condicións necesarias. Situábanse entre a Rúa Pombal, de Perillo, a Rúa da Golpa e a Avda. de Rosalía Castro, Estrada de Montrove. Urbanísticamente, tratábase de solos agrícolas: nelas era imposible edificar.

## O novo plano de Cavamontes



## Un exemplo

### Os beneficios



Para entender ben as cifras de Cavamontes, convén fixármonos nun caso: ECL é propietario dunha leira, identificada como finca nº 21, de 4.968 m<sup>2</sup> de superficie de terra sen posibilidade de edificación urbana.

Unha vez feita a nova ordenación e reparcelación para transformar Cavamontes en solares urbanos. A este propietario correspóndelle (produto dun reparto proporcional entre todas as propiedades) solares para construír 2.956 m<sup>2</sup> de edificación en planta baixa e tres plantas altas.

Supoñendo que o propietario é ECL, e que inicialmente era propietario de 2 m<sup>2</sup> de propiedade de terra, as cifras serían as seguintes.


Os custos de urbanización (saneamento, servidumes, electricidade e transporte) repáranse proporcionalmente entre todos os propietarios. Os seus dereitos económicos correspóndelle pagar a cantidade descrita.



Maio de 1997

Vivir en Oleiros

Páxina 7



# Cavamontes, en Perillo

## ganaran

As súas leiras pasaron a ser edificables en todo o Concello de Perillo ganou unha importante zona de vivendas. As súas fincas terán un entorno urbano de alta calidade. **Objetivo: ganamos o conxunto dos cidadáns, beneficiamos aos propietarios.**

ducos,

os, ás  
aban a  
unían  
o alto  
antes  
s rús-

### 3º: COMPENSAR ÓS PROPIETARIOS

Para obter ese solo, había que compensar ós propietarios, para que non perderan diñeiro. Diseñouse un sistema, ó amparo da Lei do Solo, no que todos saíran beneficiados. ¿En qué consistiron esas compensacións? Os propietarios cedían parte do seu terreo, pero recibían en compensación máis edificabilidade. No mercado, os terreos non construíbles non teñen valor, posto que ninguén compraría un terreo no que non se pode edificar. Algúns veciños consultaron ós técnicos municipais se sería convinte vende-las terras a entre 3.000 e 4.000 pts./m<sup>2</sup>, pero aconséllaselles que non o fagan, e que se unan ó proceso urbanizador, xa que ganarían máis diñeiro: co terreo urbanizado poderían vender menos metros, por moitísimos máis cartos.

### 4º: O CONCELLO URBANIZA

En vista de que os veciños non se puñan de acordo, foi o Concello, no ano 94, quen contrata as obras. Realízase un documento no que se recolle unha relación dos propietarios, os metros que ten cada un deles, as cargas que teñen que pagar por urbanizár-las súas fincas, e os beneficios que van obter. As previsións iniciais son que por cada 1.000 m<sup>2</sup> de finca, corresponderíalles unha edificabilidade de 6 vivendas, locais comerciais e sotos. O Concello aproba a reparcelación, expónse ó público e apróbbase definitivamente.

### 5º: COMEZAN AS OBRAS

A principios do 95 comezan as obras, e con elas a polémica: algúns propietarios comezan a dicir que se lles quitan as súas terras, pese ós esforzos de todos por facerlles comprender que ó longo converterían as súas leiras improductivas en terreo edificable, e elo reportaría uns beneficios moito maiores. A paixón e a falta de razoamento prende en moita xente, e comezan un dano contra o Concello, para o que aproveitan incluso a campaña



electoral municipal. Hoxendía, os feitos demostran que ninguén perdeu nen un peso: antes ben, todos ganaron diñeiro e o pobo de Perillo ganou en calidade.

### 6º: ¿QUÉN PAGA A URBANIZACIÓN?

Os propietarios e o Concello. Cada propietario, en función ós m<sup>2</sup> de terra que tiña, como é lóxico. A cada un, descontábaselles do que tiñan que pagar, o importe das edificacións que tiveran (muros, chabolos, etc.), e que ían ser derrubadas. En canto ó Concello, pagou o 10% do total das obras, ademais da ordenación do actual Parque Nelson Mandela, as aceras de Rosalía Castro, a zona de xogos donde está a Pista de Chave, o parque infantil da Rúa Pombal, a urbanización da parcela onde está o Centro de Saúde, e o mobiliario urbano realizado polos integrantes da Casa de Oficinas.

Todos estes investimentos municipais foron apoiados igualmente pola Deputación e a Xunta de Galicia, institucións diante das que o Concello xestionou parte dos importes. Ademais, a

canalización do gas (20 millóns de pesetas) foi realizada pola empresa suministradora. Fenosa e Telefónica aportaron materiais para as conductiones, ademais do pago da parcela do transformador.

### 7. ¿QUÉ TIÑAN ANTES E QUÉ TEÑEN AGORA OS PROPIETARIOS?

De xeito resumido, antes tiñan leiras improductivas, e hoxe teñen solares nos que se pode construír, e de feito se está construíndo. Calqueira que tiña unha finca de 1.000 m<sup>2</sup>, agora ten unha de 200, pero neses 200 m<sup>2</sup>, pode construír as vivendas pertencentes ós 1.000 metros, en baixo e 3 plantas.

En fincas de 1.500 m<sup>2</sup> da zona do Colexio Valle Inclán, por exemplo, só se pode construír unha vivenda unifamiliar, mentres que no novo Cavamontes, nunha finca de 200 metros pódense edificar 6 vivendas, locais comerciais e garaxes. Todo elo cun valor engadido moito maior, porque tódalas novas fincas teñen accesos por rúas amplas e un entorno natural agradable, o que aumenta o seu valor de mercado.

## lo significativo: o caso de ECL

que o valor da leira era aproximadamente 22 millóns de pesetas, ECL tiña unha leira primitiva (2 millóns de pesetas), obras que se indemnizan, co que lle quedan a pagar uns 23 millóns de pesetas.

Este propietario poderá construír 30 vivendas nas plantas altas dos edificios (incluso no baixo cuberta) así como locais comerciais na planta baixa e garaxes nos sotos.

Simplemente tendo en conta o valor da repercusión que se estima como imputable a cada vivenda (entre 3 e 3,5 millóns de pesetas), supón que o valor dos solares adxudicados a ECL, acadará un montante de entre 90 e 105 millóns de pesetas, ó que deberá sumarse o valor dos locais comerciais e as prazas de garaxe. Posiblemente, o valor total dos solares é de uns 130 millóns de pesetas.

Esta cantidade corresponde a un precio estimado de venda dos solares adxudicados a ECL para a construción de 2.956 m<sup>2</sup>, para o que ten que sufragar 23 millóns de pesetas para a obra urbanizadora. Deducindo igualmente o valor que de por sí tiña a leira (22 millóns de pesetas), temos que o beneficio neto aproximado será de uns 85 millóns de pesetas.

que o valor da leira era aproximadamente 22 millóns de pesetas, ECL tiña unha leira primitiva (2 millóns de pesetas), obras que se indemnizan, co que lle quedan a pagar uns 23 millóns de pesetas.

### UN PERILLO DE CALIDADE

O que o Concello pretendeu facer con Cavamontes foi un exemplo de crecemento urbano de calidade. Non se podía permitir que seguisen aparecendo edificacións como as que rodean Cavamontes: casas en rúas sen saída, rúas de 2,40 de ancho, gran cantidade de veciños en rúas sen comodidades, ou grandes densidades de poboación en pouco espazo, como no caso dos edificios de Rosalía Castro onde estaba «Volvoreta», O Pombal... ou a Torre de Beiramar, con 80 vivendas en 800 m<sup>2</sup>, sen parkings nen nada.

Un teléfono para buscar emprego: o 902 125 000

## Novos cursos no CMF «Díaz Pardo»

O Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo ven de comeza-la súa programación de cursos para desempregados, denominados «FIP», coa colaboración da Consellería de Familia, Muller e Xuventude. É un xeito máis de loitar contra o desemprego.

Os cursos deste ano, cun total de 135 alumnos, adócanse ás seguintes ocupacións: ebanista, carpinteiro, cociña, cantería e pedra artificial, portlandista, pintor de edificios, xardinería, pastelería e confección de planchas serigráficas.

Os cursos non son a única activi-

dade que realiza o Concello de Oleiros pensando nos parados. O Centro de Formación é igualmente colaborador do Servicio Galego de Colocación, unha entidade formada para facilita-lo acceso ós postos de traballo existentes en Galicia.

Calquera que chame ó 902125000, entrará nunha base de datos. Antes fáiselle unha entrevista no Díaz Pardo, para axudarlle a cubri-lo currículum. No Centro admítense tamén ofertas de traballo das empresas. O Díaz Pardo atende ocupacións de administración e oficinas, construción, madeira e moble, servicios, turismo e hostelería.

### ¿QUERE MONTA-LA SÚA PROPIA EMPRESA?

Calquer persoa que teña o proxecto de montar a súa propia empresa, pode recibirla axuda do Díaz Pardo (Urb. Os Regos). Ten que solicitalo na Delegación de Familia da Coruña. Se é veciño de Oleiros recibirá aquí asesoramento gratuito para levar a cabo o seu proxecto, sobre todo se se trata de cooperativas ou semellantes. Trámites, axudas... todo o necesario para montar a súa empresa. É o servicio de Autoemprego do Díaz Pardo.

### ■ Obradoiros de Tempo Libre / Maio e Xuño

**CORTE E CONFECCIÓN** / Santa Cruz, Perillo, Iñás, Lorbé e Dorneda  
**ENCAIXE DE BOLILLOS** / Santa Cruz, Perillo, Mera, Oleiros, Montrove e Dorneda  
**MANUALIDADES** / Sta. Cruz, Perillo, Montrove, Lorbé, Dexo, Nós, Mera e Os Regos  
**DEBUXO E PINTURA** / Perillo  
**TAPICES, TEAR E MACRAMÉ** / Sta. Cruz e Perillo

### ■ Excursións / Maiores de 60 anos

**MAIO** / Visita á Domus / Exposición «Cen anos da Aspirina» / Excursión en Tranvía. Para veciños de todo o Concello, en diferentes días  
**XUÑO** / Visita a Allariz / Parque etnográfico / Museo do Xoguete / Ourense, para veciños de Perillo, Montrove, Nós, Iñás e Oleiros. En **xullo**, para o resto do Concello

### ■ Actividades físicas / Maiores de 60 anos

**BAILES DE SALÓN** / Santa Cruz, Perillo, Oleiros e Nós  
**XIMNASIA** / Santa Cruz, Perillo, Oleiros e Nós  
**NATACIÓN** / Para todo o Concello, na Piscina do Rías Altas, 1 día á semana

- Para máis información, nas Aulas da Terceira Idade, Centros Cívicos e Casas da Cultura. Tamén no Dpto. Servicios Sociais do Concello (Tlf. 61 0000)
- Se a alguén lle interesa algunha actividade que non se realice na súa localidade, que o comunique, para montar un grupo e facela igualmente posible.



O Pazo dos Vellos é un centro municipal onde os maiores de 65 anos votan todo o día entretidos, xantan, pasean, fan ximnasia... todo con moito cariño

## Prazas libres en Arenaza

¿Qué mellor cousa se podía facer cun pazo fidalgo? Todo o que se achega ó Pazo dos Vellos, en Iñás, comparte a mesma impresión: as instalacións, as atencións, os coidados... Cántanolo unha usuaria: «Estamos encantadas, esto é o mellor do mundo», dí unha muller que estivo emigrada en Inglaterra. Os seus coidadores tamén se sinten moi ben: «É un traballo algo duro, pero ves cómo axiña agradecen calquer cousa que fas, e eso o compensa todo».

O Pazo de Arenaza era un vello caserón á beira da estrada N-VI, en

Iñás. Presentaba hai anos un estado penoso. O Concello, en virtude a un convenio urbanístico, fíxose cargo da súa restauración para adicar a Residencia de Día para anciáns. Nació así o Pazo dos Vellos, un dos máis claros orgulllos municipais de Oleiros.

Toda persoa maior de 65 anos que teña reducida a súa autonomía para a vida cotián, pode ir pasa-lo día ó Pazo. Aínda quedan prazas libres. No Pazo (Tlf. 631188) ou no Departamento de Servicios Sociais do Concello, (Tlf. 610000) poden informarlle das condicións. Os horarios van de 10 da mañá ás 6 da tarde,

e a atención especializada é prestada por operarios municipais e membros da Cruz Bermella.

Arenaza dispón de comedores que atenden ás peculiares necesidades alimenticias de cada un, cociñas, lavandería, áreas de ocio, xardíns, prestación sanitaria, atención xeriátrica, fisioterapia... Cada día, un autobús recolle nos seus domicilios a tódolos usuarios e lévaos ata o Pazo. Alí fan actividades de artesanía, algunha saída fóra do Centro, fan festas, pasean e ate hai unha área dos xardíns na que está previsto o cultivo de prantas.

### UN LUGAR PARA

### PASA-LO DÍA FELIZ

### — ¡ÁNIMESE A UTILIZALO!

Arenaza é un centro pensado para que as persoas maiores poidan pasar o día felices. Arrodeados de cariño, con xardíns, ximnasio, xogos, actividades, excursións... sen necesidade de face-la comida, nen limpar... todo o fan os profesionais que acompañan ós vellos durante todo o día. ¿Qué hai que facer? Ser maior de 60 anos e chamar ó departamento de Servicios Sociais do Concello (Tlf. 61 00 00), ou ó mesmo Pazo (Tlf. 631188)

### ATENCIÓN A DOMICILIO

Ademáis do Centro de Día, Arenaza acolle a dirección da Atención a Domicilio que moitas persoas necesitan: nenos ós que hai que atender, anciáns que viven sós e non reciben atención familiar algunha, persoas con calquer tipo de impedimento que non se vayan por sí, diminuídos físicos ou psíquicos que coa axuda poidan seguer vivindo na súa casa, ou familias desestructuradas. Todos eles reciben unha axuda domiciliaria imprescindible para valerse en situacións difíciles.

## ¿Eres Obxector de conciencia?

O Concello de Oleiros ven de aprobar unha disposición pola que tódolos obxectores poden prestar aquí o seu Servicio Alternativo.

Infórmate na Casa da Xuventude (Rúa Darwin, 1. Perillo) Tlf. 63 5769



**FOLE E NÓS, PROTAGONISTAS DO 17 DE MAIO**

Nós concentra este ano a celebración do Día das Letras Galegas, coa tradicional homenaxe a un dos sobranceiros escritores do país. Anxel Fole, o elixido este ano, será tamén o nome da nova Biblioteca parroquial, que, ubicada na Casa do Pobo, quedará integrada no Sistema de Bibliotecas do Concello.

Ademais da inauguración da biblioteca, realízase unha homenaxe a Xulio Dans, na rúa que leva o seu nome e a tradicional festa, na que participan tódolos grupos do Concello. Tamén toman parte na festa os Obradoiros de Servizos Sociais, o CMF «Díaz Pardo», a Casa da Xuventude e Aspadisol.

A frase que presidirá tódolos actos é «Sementando futuro», coa que se pretende xuntar o fondo espírito agrario de Fole, cos proxectos dun país próspero e rico. As celebracións exténdense por tódolos centros de ensino, bibliotecas e entidades de todo tipo. Sobre todo, porque, xa saben: **para o Concello de Oleiros, cada ano ten 365 Días das Letras Galegas.**

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS CULTURAIS**

Está a piques de se publicar a convocatoria de subvencións para a dinamización cultural, promovida pola Fundación Municipal de Cultura. Dedicáanse uns 30 millóns de pesetas, para programacións propias de entidades sociais do Concello. Xa saben: poden presentalas propostas na FMC.

**O prazo que agora se abre, no caso de colexios públicos e APAS, refírese a actividades entre xaneiro e xuño. En outubro hai outro prazo para actividades de outubro a decembro.**

**OS ESCOLARES VISITAN O EXTERIOR**

Uns 700 escolares participan en programas municipais no exterior, con excursións a Covelo, Manzaneda, a Serra do Invernadeiro e a comarca da Limia, e co programa denominado «Coñecer Oleiros», éste en colaboración coa Casa da Xuventude.

**«AS NOSAS PROPIAS SOLUCIÓNS»**

É o título dunha exposición que tivo lugar na Casa Charry, por donde pasaron uns 140 rapaces de 6º curso de primaria dos centros Luis Seoane, A Rabadeira e Parga Pondal. A montaxe foi realizada polo Ministerio de Medio Ambiente, e referíase a cómo moitas persoas diron solucións ós seus problemas ambientais en distintos lugares do Planeta.

**EXPOSICIÓ DE «ASPADISOL»**

Pezas feitas polos alumnos da Asociación de Pais de Disminuídos Físicos de Oleiros foron expostas na Casa Charry en abril. Guiados pola educadora desta entidade, foron chegando de visita nenos de 5º de primaria das escolas do Concello. Que tódolos nenos cheguen a sensibilizarse con outros nenos que sofren deficiencias era o principal obxectivo.

A Escola Infantil «Esquíu», de Arillo, foi ampliada cun patio cuberto. Mentres, houbo reunións co delegado de Educación para as melloras que precisa o Colexio Valle-Inclán, a ampliación do Neira Vilas e permitan que o Parga Pondal imparta dúas liñas de Educación Infantil e Primaria. Ademais, o Concello está a piques de inaugurar unha nova Escola Infantil en Mera, situada na Casa Labarta.

**Escolas públicas de calidade**



Os alumnos do Centro Municipal de Formación «Isaac Díaz Pardo» colaboran tamén na mellora das restantes áreas educativas. Eis os xogos infantís que realizaron para a Escola Infantil A Pardela, dos Regos. É un xeito máis de rentabilizar a acción educativa e mellora-la calidade do ensino público.



O Concello de Oleiros sempre foi de alta calidade. ¿Como se consegue? Cunha rede de centros ben dotada, obras e actividades realizadas polo propio Concello, as Asociacións de Pais e os Claustros, e presión ante Educación para a mellora constante dos centros. As obras e xestións realizadas nestes últimos meses son un exemplo desta constancia a prol dun ensino de calidade.

**XUNTANZA EN EDUCACIÓN**

As obras de inminente realización no Colexio Valle-Inclán son o froito máis destacado dunha entrevista co delegado de Educación. O centro de Perillo necesitaba a recollida de pluviais e arranxo e pintura dos pasillos do edificio antigo. A primeira das obras está a realizarse.

Outros temas prantexados foron a ampliación do Instituto Neira Vilas para que poida acoller o alumnado que lle corresponde de secundaria e bachiller, nas condicións que dicta a LOXSE. Tamén a ampliación do Parga Pondal de Santa Cruz, para que acolla educación infantil e primaria en dúas liñas.

Na Fundación Municipal de Cultura agardan que todas estas xes-

tións den un froito adecuado para preservar a elevada calidade do ensino público no Concello. Ademais, as autoridades municipais tamén lle solicitaron unha resposta ás alegacións presentadas polo Concello a respecto da Rede de Centros elaborada pola Xunta.

**ESCOLA INFANTIL «ESQUÍU»**

Construída gracias a un Convenio Urbanístico, comezou a funcionar durante o curso 94-95. Conta con tres unidades de Educación Infantil para rapaces de 3 a 6 anos. Xa desde o comezo, víase que necesitaba un patio cuberto. O patio xa existe. Investíronse uns 6,5 millóns de pesetas. Tamén se mellorou o entorno descuberto, nunha obra realizada polos Servizos Municipais.



**NOVA ESCOLA INFANTIL**

**EN MERA**

Está a piques de inaugurarse a restauración deste edificio situado na Finca da Braña, entre a praia e a lagoa de Mera. Será unha nova Escola Infantil da que se poderán beneficiar tódalas familias da área norte do Concello, que poderán solicitar praza para os fillos de entre 3 e 6 anos.

A finca foi adquirida gracias a unha xestión urbanística. O custo da restauración rondou os 17 millóns de pesetas, co que se conseguiu unha Escola moi digna, recuperando ó mesmo tempo un edificio senlleiro, de aspecto romántico, acarándo o mar. Con esta

Escola Infantil, son xa oito as que se poden utilizar en todo o Concello.

**Teatro Escolar, Encontros con Escritores e «Hora do Conto», en escolas e Bibliotecas**

**Peques, escritores, libros e teatro**



Familiariza-los nenos co Teatro é o principal obxectivo da V Semana do Teatro que organizou a Fundación Municipal de Cultura. Tamén pensando nos máis pequenos, o Sistema de Bibliotecas Públicas de Oleiros organiza «A hora do conto» e os «Encontros con Escritores». Actividades todas elas de grande éxito, a vulgar pola participación dos rapaces.

«Canta connosco», de Migallas Teatro, foi a obra

elixida para os máis pequenos (Educación infantil e 1º e 2º de Primaria); Cachirulo Teatro puxo en escea «A guerra das Galicias», para alumnos entre 3º e 6º de Primaria. Os máis maiores (8º, ESO, BUP e Compensatoria) disfrutaron de «Ven-Hur», de Catrabucha Teatro. A colaboración dos profesores dos centros foi estupenda, xa que ven nestas actividades un xeito de despertar a creatividade dos escolares.

**ENCUNTROS COS ESCRITORES**

Escolares de tódolos centros participaron igualmente nesta actividade organizada polo Sistema de Bibliotecas. David Otero estivo falando das súas obras en Santa Cruz, Carlos Domínguez en Oleiros, Pepe Carballude fixo o propio en Mera, e Bernardino Graña en Perillo. Este escritor pronunciou tamén unha conferencia na Casa Charry.

**ORGULLOSOS DE VÓS**

Viñades de acadar por segundo ano consecutivo o Campionato de España de bateis. A Corporación en Pleno simbolizou o orgullo de todo o Pobo de Oleiros polo voso trunfo, que supuxo a culminación de tantos esforzos e ilusións. ¡Felices tempos estes!

O Concello comparte a leducia con boas obras e mellores desexos. E que cada vez sexan máis os trunfos e cada vez máis os homes e as mulleres de Oleiros que chegan tan alto nas súas conquistas. Hoxe, vós sodes o símbolo. **Permitídenos que o celebremos convosco, Campións.**



**A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS «A RÍA» FELICITA OS GANADORES**

Tódolos colectivos sociais e deportivos de Oleiros estiveron celebrando o trunfo galego en Santander. Saliéntamola felicitación da Asociación de Veciños de Perillo, que nunha nota dí sentirse orgullosa «destes rapaces e da Directiva do Clube de Regatas, que con traballo e dedicación fixeron que o equipo acadase tantos títulos»

**Ciclistas do sur ganan en Oleiros**

**Dos 140 participantes, só 60 chegaron ó final no IX Edición do «Gran Premio Ciclista» do Concello**

O «Gran Premio Ciclista Concello de Oleiros» É unha das máis destacadas competicións deportivas do Concello, que nesta IX edición só acadaron rematar 60 dos 140 corredores que comezaron. Tivo lugar o 4 de maio e foi organizada polo Clube Ciclista Leyma co patrocinio do Concello de Oleiros.

Por equipos, o máis destacado foi o «Augas de Mondariz» de Pontearreas, que situou no pódio ós tres primeiros

clasificados: Luis Comesaña, Rogelio Alonso e Óscar Pereira. O mellor corredor local foi David Blanco, do Leyma; a meta voante para Fernando Fernández e o premio da Montaña para Óscar Pereira.

Foron varios os intentos de fuxida, o que deu á carreira un enorme espírito de disputa polos primeiros postos. Nunha delas, de 12 corredores, 5 eran do equipo de Mondariz. No km. 30 saltaron do

grupo os tres vencedores, que chegaron á meta collidos das mans en sinal de victoria e cunha diferenza de minuto e medio sobre os seguintes.

Miguel Manteiga, ganador de dúas edicións anteriores, entrou en 5ª posición, entre os aplausos do público, xa que aquí é moi querido.

A organización, perfecta gracias á axuda de tódolos que colaboraron.



Rogelio, Luis e Óscar, cos seus trofeos

**A Escola Municipal de Natación e Waterpolo, pensada para fomenta-lo deporte para todos**

**Nadar case antes de nacer**

Cada sábado, de 10 a 11 da mañá, a piscina o INEF enchese de nenos de menos de tres anos, e de nais embarazadas. Son os protagonistas dun dos cursos organizados polo departamento de Deportes do Concello de Oleiros, e que durará ata o día 5 de xuño. Os pequeniños reciben os seus primeiros contactos co deporte, a través da auga, e as mulleres en estado realizan actividades deportivas suaves, beneficiosas para

a súa situación.

Anque este grupo de rapaces e futuras nais é o máis chamativo, o certo é que a Escola Deportiva de Natación e Waterpolo ten unha programación completa durante o período escolar. Os alumnos dos centros Luis Seoane, Valle Inclán, Parga Pondal, e A Rabadeira acoden as tardes entre luns e xoves en tandas de entre 70 e 80, para recibiren as súas primeiras clases de natación, unha

actividade extraescolar sufragada polo Concello a través da Fundación Municipal de Cultura. As tardes dos venres resérvanse para os máis pequenos, os alumnos de Educación Infantil das escolas de Dexo, Mera, Dorneda, Perillo, San Perdo e Oleiros.

Ademáis desta actividade, na piscina do Hotel Rías Altas, de Santa Cristina, hai clases de natación para os alumnos dos institutos Neira Vilas

e Bastiagueiro, gracias a un convenio de colaboración entre o Concello e o Hotel.

Pero se vostede xa non ten idade escolar, pode ir á Piscina do Rías Altas de 8 a 11 da mañá: alí hai monitores do Concello para todo o que precise aprender a nadar ou facer exercicios. Polas tardes, o Hotel realiza un desconto ós veciños do Concello, gracias a un Convenio vixente.

**MÁIS OBRAS PARA O DEPORTE**

As futuras instalacións deportivas do **Náutico de Perillo** beneficiaríanse axiña un novo pulo, coa reconstrución dunha nave para a que se destinaron 12 millóns de pesetas. Tamén está a piques de repararse a fondo (cuberta, lucernarios, etc.) o **Polideportivo do Colexio da Rabadeira** en Oleiros, para o que se destinan 4 millóns; adicaránse outros 3 millóns ó peche e dotación de mobiliario para a **Polideportiva de Rialta**, en Arillo, o que fai a súa segunda fase, e reconstruiranse as pistas de Atletismo do **Colexio Luis Seoane**, en Canide, (2,5 millóns).

**DEPORTES DO VERÁN 97**

Vela, remo, baloncesto, patinaxe, futbito, ximnasia rítmica, voleipraia e atletismo forman parte da oferta que o Concello prepara para o verán máis deportivo. No próximo número, máis información.

**CURSOS DE BALONMÁN, REMO E XUICES DE VELA**

En maio celébranse tres cursos deportivos organizados polo Concello coa colaboración da Xunta de Galicia. Son o de perfeccionamento do balonmán, que impartiron membros da sociedade deportiva Teucro; o de iniciación ó remo, a cargo da Federación galega de remo; e o de xuíces de vela, impartido pola Federación galega de vela.

**O WATERPOLO, UN DEPORTE CON MOITOS ADEPTOS**

Ademáis da natación, na piscina do INEF practícase o Waterpolo cada día entre seis e sete da tarde, en sesións organizadas polo Concello.

Alí acoden grupos de 40 rapaces dos Colexios Públicos que voluntariamente se apuntaron a estas clases, e realizan partidos de mini-waterpolo. Este é o segundo ano que se organiza esta actividade.



A alma da Escola de Natación son os máis pequenos

**VIARIOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN EN TODO O MUNDO**

Apoia-lo desenvolvemento dos países menos favorecidos é un xeito de fomentar a felicidade futura dos homes e mulleres, que teñen todo o dereito a gozar dun entorno de harmonía económica e social.

**En total, o Concello adicou a este capítulo caseque oito millóns de pesetas. Oito proxectos en varios países foron os apoiados economicamente polo Concello, que suscribe así os plans de axuda de diversas ONG's. Eis unha breve síntese do destino deses cartos:**

**ZIMBABWE**

Creación dun Departamento de Agricultura en Chawarura. Construíranse aulas e aloxamentos, contrátanse profesores e mércanse ferramentas.

**EL SALVADOR**

Introducción de enerxía eléctrica na Comunidade «Dos de Mayo», situada no concello de Nejapa. O proxecto beneficiará a 83 familias directamente.

**PERÚ**

2.500 personas de Cajamarca beneficiáanse dun programa ambiental e ecodesenvolvemento de Mans Unidas. Difundirán melloras tecnolóxicas que incidan positivamente na súa calidade de vida. / Outro programa en Perú formará un Comité de Produtores de sementes, para 50 labregos. / Outro Comité de Produtores formarase para optimizar sementeiros de menestras. Tamén se beneficiarán 50 labregos.

**CUBA**

A hixienización de La Habana é o obxectivo dun programa da súa alcaldía. Instalaranse 203 contedores de lixo e repararánse 10 camiións de recollida. Procu-ran a retirada diaria do lixo.

**GUATEMALA**

Fomenta-la tenencia da terra por un grupo de campesinos organizado para promover-lo seu propio desenvolvemento é o obxectivo dun plan con indíxenas, que afortalará a organización comunal en Quetzal tenango.

**VILLA CLARA (CUBA): AXUDAS PARA OS HOSPITAIS DE MOITOS GALEGOS**

Dous millóns de pesetas é a cantidade que destina o Concello de Oleiros a varios proxectos en Villa Clara, Cuba, onde residen moitos galegos. Alí, é necesario dotar de equipos ó Hospital Psiquiátrico e ó Hospital Xeral, tentando así mellora-las condicións da asistencia sanitaria que se presta. Realízase esta axuda por medio da Asamblea do Poder Popular de Villa Clara.



Este será o cuarto ano que Oleiros recibe a nenos saharauis. Na foto, os participantes na primeira das xeirás, nos Regos, logo dunha visita ó Centro de Formación «Isaac Díaz Pardo».

**Búscanse dez familias para acoller nenos saharauis durante dous meses**

# Vacacións en paz

De novo, achégase o verán. E de novo, o Concello móstrase solidario cun feixe de nenos saharauis, que teñen dereito a gozar dun entorno de paz, ó marxe das inxustas circunstancias que sofre o seu país, atezado por Hassan II de Marrocos.

Sen dúbida, estes nenos, como tódolos nenos do mundo, merecen un ambiente de paz, sen mais. Pero o que sí podemos facer é posibilitar un pequeno período de vacacións para eles. Por cuarto ano consecutivo, o Concello de Oleiros vai participar no programa «Vacacións en Paz» que organiza a Asociación Galega de

Axuda ó Sahara. A solidariedade e axuda desinteresada materialízase así en ofrecerlles ós rapaces unhas vacacións durante as que podan, cando menos, coñecer outros modos de vida, outra cultura.

**O Concello de Oleiros ten solicitada a colaboración de, polo menos, dez familias que desexen voluntariamente facerse cargo durante un período de dous meses, dalgún destes rapaces ou rapazas.**

A información sobre este programa está a disposición dos interesados nas oficinas do Departamento de Cultura do Concello.

**ABANDONADOS POLO MUNDO**

Coñecida é a trágica situación na que viven os habitantes do Sahara. Esquecidos polo goberno español desde que os abandonou en 1974 nunha operación vergoñenta, atópanse neste momento nunha xorda guerra con Marrocos. Ante elo, e anque a ONU en teoría apoia as razóns que asisten á súa independencia, o certo é que ningún se ocupa do seu futuro nen das posibilidades que terán como país á marxe da usurpación marroquina.

## Aleida Guevara trouxo a Oleiros o sangue do Ché

**A filla de Ernesto «Ché» Guevara veu «facer o que faría o seu pai»**

«Se morro, non chores por min. Fai o que eu facía, e seguirei vivindo en tí». Esta frase presidíu a visita que a filla de Ernesto Guevara fixo a Oleiros, onde tanto se aprecia a figura do mítico guerrilleiro. Tras percorrela avenida do Ché e ser recibida pola Corporación, chegou ó Teatro As Torres, que estaba abarrotado.

Anque afónica, pronunciou un emotivo discurso que resumaba toda a humanidade do Ché. Resumiuno así: «Temos que facer o que él fixo: todo o posible para que cada vez maior cantidade de persoas disfruten dunha maior calidade de vida, das cousas boas do mundo». Destacou tamén o grande sentido da liberdade que existe en Cuba: «Conquistamos o dereito a dicir o que pensamos, sen que ningún nos imponha nada, e ademáis, presentamos o grado de desenvolvemento humano máis importante de latinoamérica». Durante a visita a Oleiros percorríu a Avenida que leva o nome do seu pai, estivo acompañada de autoridades cubanas en España e o goberno municipal.

Tamén dixo que Oleiros era un exemplo de cooperación, e elo ten moito que ver coa dimensión humana do seu pai. Unha mostra dese interese popular foi o abarrote vivido coa súa presenza no Centro Cultural As Torres de Santa Cruz: moita xente quedou de pé.





O Concello cumpre co desexo testamentario de Juana de Vega: unha Escola agraria no Pazo da Carballeira, en Nós

# Réquiem por toda unha Dama

**Había moitos anos que o Goberno Municipal de Oleiros quería recuperar para uso público o Pazo da Carballeira. A súa dona, Juana de Vega, expresou este desexo no seu testamento, dictado en 1869: que no Pazo se instalara unha Escola Agraria que contribuíse ó progreso do medio rural. É, por tanto, a homenaxe do Pobo de Oleiros a unha espléndida Dama do Século XIX, que fixo da súa vida un exemplo en favor dos menos favorecidos.**

## UNHA SOLUCIÓN URBANÍSTICA

### RECOLLIDA NO PLAN XERAL

Gracias ó Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Oleiros, aprobado coa oposición do PP, o Pazo da Carballeira destinarase a uso educativo, atendendo ó Testamento da finada e ás necesidades do medio natural do Concello e a comarca.

O Convenio asinado entre o Concello e a Fundación dí que pasan a formar parte da Escola Agraria 25.000 m<sup>2</sup> de finca e unha boa parte do Pazo, que será tamén a sede da Fundación.

Tamén pasan a uso público os 10.000 m<sup>2</sup> do Campo de Fútbol do Hércules.

A Fundación comprométese igualmente a destinar 4 millóns de pesetas anuais ó mantemento da Escola.

Esta Fundación, creada pola propia Juana de Vega por vía testamentaria é a que administra o seu importante Patrimonio.

Juana de Vega foi unha das persoas máis interesantes do pasado século na Coruña. Avanzada do seu tempo, filla de liberais, namorou dunha sobranceira figura do exército español, o Xeneral Espoz y Mina, e fixo dos retrógrados do Partido Conservador o branco dos seus ataques, e os fermosos exemplos da súa vida.

Todo era positivo nesta muller, elixida daquela polos progresistas para educar á raíña Isabel II en tempos do rexente Espartero. Vivir con intensidade a España do século pasado é emocionarse coas cousas que acontecían naquel país entre medieval, afrancesado e con aspiracións de sumarse ós ventos revolucionarios que cristalizaran na Constitución de Cádiz, de 1812, auténtico precedente e símbolo das ideas tolerantes e progresistas —hoxe aínda non ben asumidas por moitos— polas que loitou esta muller que pasaba longas tempadas no Pazo da Carballeira, en Nós.

A vida de Vega foi un circuíto de acontecementos valentes e apaixonados. No Pazo da Carballeira, en Nós, Juana de Vega escribiu páxinas intensas e nobres entregadas á causa liberal.

Dona Juana, ós 16 anos, vivía nunha casa do centro da cidade. O pai era un comerciante rico e traballador, que naceira en Mondoñedo e, de paso pola Coruña mentres embarcaba para La Habana, namorou. Logo de se desfacer dos seus negocios en Cuba, volveu aquí, casou e ficou para sempre.

En 1821 o xeneral Mina —que



era como se lle coñecía na intimidade— foi nomeado Capitán Xeral de Galicia. Era navarro. Comezara a frecuenta-la casa dos Vega, para participar en tertulias políticas ás que tamén asistía dona Juana. Alí producese o primeiro «flechazo».

### «¿QUÉREME POR ESPOSO?»

Un día, aproveitando que os pais non estaban na casa, un amigo común comunicalle que «Informado o xeneral de que os seus pais non intervirán, e de que Juana non está comprometida, él desexa preguntalle se o quere por esposo». Sorpresa de Juana, que o toma como unha loubanza. A súa nai comenta a diferenza de idade —máis de 20 anos—, pero tanto ela como Don Juan Antonio, dinlle o que sempre lle dixeran: nunca intervirán nas decisións íntimas da filla: tiña vía libre para facer o que ela considerase oportuno (algo nada frecuente na época, sobre todo entre xentes de diñeiro).

Dixo sí ó aposto militar e casa-

ron dun xeito igualmente apaixonante, preludio do que sería un matrimonio atravesado polas persecucións políticas dos diversos gobernos conservadores, sobre as que se antepoñía o lume dun amor intenso e total.

A unión ten lugar por poderes na casa da Rúa Real, no nadal de 1821. O xeneral estaba perseguido debido a un levantamento contra un goberno conservador. Dous días máis tarde, vense en Pontedeume. Están xuntos seis meses por España adiante, e anque non querían separarse, non volverían a verse ata o ano 24, en Londres, logo de moitos intentos mutuos. Dez anos despois voltan a España; viven en Navarra e Barcelona en tempos das guerras carlistas, e alí morre o xeneral, na noiteboa de 1836, enfermo e dirixindo as tropas desde a cama. O seu corpo chega á Coruña en abril do ano seguinte e é soterrado aquí.

### MORRE MINA

A morte do caudelo liberal é «agasallada» cun vizcondado para dona Juana, que ela rexeita en principio, con este sarcasmo: «o único título que merezo é o de Vizcondesa do Arado», en honra da orixe humilde e labrega do seu valente compañeiro.

Pero nunha decisión íntima e apaixonada, dona Juana decide non querer separarse de quen fora o seu amor. ¿Cómo o consegue? Extráelle o corazón e instalo no seu dormitorio para sempre. Tamén decide acepta-lo título de «Condesa de Espoz y Mina» para honra-la súa memoria de amante guerrilleiro. Viúva con 30 anos, e cunha enorme experiencia vital,

## ESTUDIOS FORESTAIS E DE XARDINERÍA

O Convenio asinado polo Concello coa Fundación Juana de Vega prevé a instalación no Pazo dunha Escola «vencellada ó uso natural do solo», tal como recolle o Testamento. Será a Casa de Oficios «Carballeira», un proxecto presentado ante o INEM coa finalidade de crear un viveiro e escola para a reforestación con especies autóctonas. Concretamente, as especialidades que se impartirán son «Bioxardinería», «Auxiliar de viveiro forestal» e «Viveirista de planta autóctona». Esta Casa de Oficios será xestionada polo Centro de Formación Municipal «Isaac Díaz Pardo»

comeza unha nova etapa na súa vida.

É chamada polo rexente Espartero para educar á raíña Isabel II, creando en Palacio un bó rebumbio por non ser unha «Grande de España», modelo que non debería seguir unha raíña liberal. O cargo dura dous anos, xusto o que tardan os conservadores en recupera-lo poder.

Nese intre volta para A Coruña e entrega a súa vida a realizar obras de carácter social, así como tertulias e foros políticos vencellados ó liberalismo, do que sempre foi unha referencia fundamental.